

Boqueixón



Decembro 2013

Revista Informativa do Concello

Nº 31



IMPRESO SIN DIRECCIÓN

ESPAÑA

FRANQUEO
PAGADO

Aut. nº 150493



Foto: flickr

Editorial.....	2
Inversión 2013-14 no adecentamento de pistas e camiños.....	3
Os veciños de Oural inauguran a travesía de Villalapaz-Rebordaos..	4
Rematada 1ª fase saneamento na parroquia de Loureda	4
Ampliacións en saneamentos en Pousada, Codeso e Vigo	4
Rematado o plan de bacheo	4
Parques biosaudables	5
Obradoiro de emprego	5
Proxecto Rede Xiana 2	6
Adhesión á Rede Eusumo	6
Publicación Ordenanza Municipal de Venda Ambulante	6
II Ruta de Tapas de Boqueixón	7
I Concurso Morfolóxico Cabalar	7
Os Xenerais da Ulla.....	8
XL Aniversario do primeiro desfile de carrozas do San Cidre	8
Actividades de lecer	9
Campus Deportivo	9
Boqueixón en ruta	9
XXII Encontro de maiores.....	10
Illas Sons	10
A xuventude, pilar fundamental ..	11
Tomas de auga contraincendios.....	12
II Campo de Traballo no Castro de Gastrar.....	14
Visita de Estudo en Sicilia.....	14
“Men sana in corpore sano”	15
Actividades xuvenis ao aire libre ..	15
Os “mellores” do fútbol.....	16
Piscina municipal de Boqueixón.....	16
Campionato España de enduro.....	16
Protección Civil, 24 horas ao día ..	17
Protección Civil, recibe a “Real Orde do Mérito Civil”	17
Rede de hidrantes.....	17
III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.....	18
Dependencia para maiores.....	19
Xosé Neira Vilas: fillo adoptivo ..	19
Nova páxina web.....	20
I Campaña de compostaxe.....	20
C.PI. Antonio Orza Couto	20
C.PI. Antonio Orza Couto, centro plurilingüe.....	20
C.R.A. Boqueixón-Vedra.....	21
X Aniversario da Escola Infantil Municipal de Boqueixón	22



Benqueridos veciños e veciñas:

Diríxome, como o voso alcalde, a todos vós, nunhas datas nas que pronto despediremos o 2013, un ano que deu para moito e no que vivimos acontecementos de toda índole. Pero sin lugar a dúbidas, a situación económica actual e os problemas derivados desta están moi presentes na vida dos boqueixonenses.

Dende a casa do voso concello, non sin moito esforzo e xestionando os recursos cos que contamos hoxe en día, atendéronse un gran número de demandas veciñais, como arranxos de pistas e camiños rurais ou reposición de luminarias. Aínda que, as necesidades básicas das familias deste concello foron unha das preocupacións principais.

A coxuntura actual non impediu que camiñemos da man dos veciños e veciñas de Boqueixón, abrindo o concello aos cidadáns e facéndonos eco das súas propostas.

Os programas culturais e festivos que se produciron ao longo deste ano, enriqueceron a oferta do municipio, ofrecendo tanto aos habitantes como aos visitantes, interesantes propostas para o ocio e o tempo libre e intentando que as nosas actividades fagan que pouco a pouco, a conciliación familiar e laboral chegue a ser unha realidade.

Agora é tempo de marcarse novas metas, de traballar unidos para que o 2014 esté repleto de boas novas e proxectos consumados. Entre todos, seguiremos facendo de Boqueixón, un referente a seguir para moitos concellos.

Gustaríame aproveitar este espazo para desexarvos que, ese espírito de amor, paz e concordia, que nos inunda durante esta época de Nadal, se prolongue máis alá destas festas e que todos os proxectos se fagan realidade coa chegada do novo ano.

Feliz Nadal e Próspero Ano Novo

Jesús Sanjuás Mera
Alcalde de Boqueixón

Inversión de 280.586,64 € na anualidade 2013 – 2014 no adecentamento de pistas e camiños

O concello dará comezo próximamente un plan de mellora de pistas e camiños de titularidade municipal que afectará aos viais da maioría das parroquias que compoñen o Concello de Boqueixón. A suma destes proxectos supón un

presuposto total de 280.586,64 €.

As obras consisten, na súa gran maioría na reposición de firmes asfálticos a base de regos ou aglomerados.

Actuacións presupostadas

Plan	Obra
Plan Nominativo	Camiño AC960 a Ponte (Ledesma)
	Camiño recta de Vila a Noente (Ledesma)
	Camiño recta de Vila a cruce da Igrexa (Ledesma)
	Camiños interiores na Ponte (Ledesma)
	Camiños interiores no lugar da Igrexa (Ledesma)
	Camiño en Senande (Lamas)
	Camiños interiores en León (Oural)
	Camiño AC960 a León (Oural)
	Camiño interior na Peneliña (Oural)
	Camiño cruce de Boqueixón a Maravexás (Boqueixón)
	Camiño de Piñeiro de Arriba a Piñeiro de Abaixo (Boqueixón)
	Camiño do Campo da Festa a Boqueixón (A Granxa)
	Camiño AC240 - Engas - Donas (Codeso)
	Camiño en Gastrar
	Camiños interiores en Regengo (Gastrar)
	Camiño Campo de San Bieito a Outeiro (Sergude)
	Camiño da Barreira a Noelle (Sergude)
	Camiño de Pumares a AC 960 (Sergude)
	Camiño de Lamas a Quián (Sergude)
	Interiores en Deseiro de Abaixo (Sergude)
	Camiño dende Ardilleiro a Milleirós (Lestedo)
	Camiño cruce Carabán a cruce de Lamas por Cubelo (Vigo)
	Camiño cruce de Carabán a Campo da Festa de Lamas (Lamas)
	Camiño entrada Aldea de Loureda a Pena (Loureda)
	Camiño de Outeiro a Igrexa (Loureda)

Actuacións presupostadas

Plan	Obra
POS	Senda peonil para seguridade vial na Corna (Pousada)
	Seguridade vial en Villalapaz (Oural)
PEIN	Camiño cruce de Frenza a Carballeira (Sucira)
	Camiños interiores en Castro (Oural)
	Camiño AC240 a cruce Palmeira-Lubián (Oural)
	Camiño AC240 a Loureiro (Pousada)
	Camiño de Espiñeira a Senande (Lamas)
	Accesos en Noente (Ledesma)
	Camiño da Pena á depuradora (Loureda)
	Camiño ponte da vía de Cusanca a Rubial (Lestedo)
	Camiño CP1201 ao cruce Casaldesuso (Codeso)
	Camiño interior en Monte (Ledesma)
	Camiño de Pumares ao Polígono (Sergude)
	Camiño en Outeiro (Lamas)
	Camiño interior na Corna ao límite de Touro (Pousada)



Este proxecto contou cun investimento de 158.000 €

Os veciños de Oural inauguran a renovada travesía que une Villalapaz e Rebordaos

Os veciños de Oural celebraron en xullo a finalización das obras de ampliación e aglomerado do vial que une os núcleos de poboación de Villalapaz e Rebordaos. As obras levadas a cabo pola empresa Obras y Viales de Galicia consistiron no ensanchamento da calzada, ca habilitación dun arcén e pintado.

O investimento foi de 158.000 €.



Rematada a 1ª fase do saneamento na parroquia de Loureda

Os traballos para acadar que o saneamento chegue a todos os veciños e veciñas, seguen a bo ritmo

As obras para a construción da primeira fase do saneamento integral da parroquia de Loureda contaron cunha inversión de 535.000 € procedentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Este proxecto permitiu achegar a rede aos lugares de Loureda, A Moa e A Pena quedando pendente unha segunda fase que completará o saneamento desta parroquia achegándose aos núcleos de Midón, Caneda, Agra e Lugar da Igrexa.



A brigada de obras do concello acomete ampliacións nos saneamentos de Pousada, Codeso e Vigo.

A brigada de obras do concello de Boqueixón ven de rematar as actuacións para finalizar o saneamento das parroquias de Lamas, Pousada e Codeso.

Estas obras foron realizadas con maquinaria e persoal propios do concello de Boqueixón. O seu investimento acadou os 72.000 €, todo sufragado con fondos municipais.

Rematado o plan de bacheo aplicado a aquelas pistas que non entraron no plan de regos.

As pistas municipais que por un motivo ou outro non puideron ser incluídas no plan, foron incluídas nun plan de bacheo que acaba de rematar. Esta acción foi levada a cabo pola brigada de obras do concello e sufragada con fondos municipais.

As últimas parroquias en dispoñer destes elementos son:
Ledesma, Sergude, Lestedo e A Granxa

Boqueixón conta con seis parques biosaudables



No mes de maio finalizáronse as obras de instalación dos distintos compoñentes que forman os parques biosaudables das parroquias de Ledesma, Sergude, Lestedo e A Granxa. Cada un deles está composto por tres elementos e dous bancos. Os outros parques das mesmas características están ubicados nas parroquias de Codeso e Oural.

Para levar a cabo esta actuación contouse cunha subvención da Deputación da Coruña por un importe de 12.000 € e cunha aportación municipal de 2.400 €. As obras foron levadas a cabo pola brigada de obras municipal.

Este proxecto está compartido co Concello de Vedra

O Obradoiro de Emprego Vedra – Boqueixón, forma a 20 alumnos-traballadores en carpintería e albanelería

Desempregados de Vedra e Boqueixón participan dende o 21 de outubro nun obradoiro de emprego organizado polos dous municipios. O programa ten unha duración de 6 meses e permite que 20 alumnos/as – traballadores/as (10 por cada un dos concellos), poidan incorporarse ao mercado laboral.

O programa configúrase como un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupacionalidade das persoas desempregadas de dezoito e máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestacións de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida relacionada directamente co citado traballo, procure a súa cualificación profesional e



A Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato; a Delegada Territorial, Belén do Campo; a D.X. de Formación e Colocación, Ana María Díaz; o D.X. de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro e os alcaldes de Vedra e Boqueixón, Carlos Martínez e Jesús Sanjúas visitaron aos alumnos/as, ao equipo docente e ao equipo directivo do Obradoiro de Emprego Vedra - Boqueixón

favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

As especialidades formativas que se imparten para a obtención do certificado de profesionalidade son: Traballos de carpintería e moble e Fábricas de albanelería.

As obras que levarán a cabo o alumnado no Concello de Boqueixón terán como obxectivo o acondicionamento de instalacións socioculturais municipais – Fase I e no Concello de Vedra consistirán na rehabilitación de edificación na estación de ferrocarril de Santa Cruz de Rivadulla.

Boqueixón participa nun proxecto para diminuír o desemprego



Os concellos de Boqueixón e Ames acolleron como sedes o programa de fomento do emprego Rede Xiana II, dirixido a persoas desempregadas co obxectivo de diminuír os niveis de desemprego a través da mellora profesional das persoas desempregadas e o apoio ao autoemprego.

A iniciativa, inclúe un programa formativo que combina formación teórica con experiencia laboral en entidades e empresas da provincia de sectores económicos relacionados coa formación impartida.

Ademais ofrécese orientación laboral para a inserción das persoas desempregadas e apoio na procura activa de emprego a través da titorización e seguimento persoal permanente. Este acompañamento personalizado canalízase tamén a través do asesoramento especializado a persoas emprendedoras para a posta en marcha da súa idea.

O concello de Boqueixón pon a disposición desta rede un punto de información e unha aula formativa

Adhesión á Rede Eusumo

O concello de Boqueixón ven de asinar un convenio de colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar para a adhesión á Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

Esta entidade, pretende así, establecer canles que faciliten os fluxos de comunicación e os métodos de coordinación que permitan unha cooperación eficiente e eficaz entre as entidades que forman parte da Rede Eusumo, impulsando o seu desenvolvemento no ámbito local nas áreas de emprendemento e a creación social e consolidación de emprego cooperativo e de economía social.

Publicada a ordenanza municipal que regula as feiras – mercados de Boqueixón e a venda ambulante no concello.

O Boletín Oficial da Provincia número 11, publicado o mércores 16 de xaneiro de 2013, recolle a Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da expedición do carné para a venda nos mercados-feiras de Boqueixón, así como para a venda ambulante no concello.

Esta ordenanza ten como obxectivo a regulación, con carácter xeral, e a ordenación da venda no mercado-feira de Lestedo e Rodiño, e a venda ambulante dentro do termo municipal de Boqueixón.

Na actualidade, a feira – mercado de Lestedo, que se celebra o primeiro e terceiro domingo de



cada mes, conta cun total de 75 postos variados, onde podemos atopar dende produtos agrícolas, ata roupa ou mesmo comer un bo polbo.

A feira – mercado de Rodiño, situada na emblemática e fermosa Carballeira de Rodiño (Sergude), conta con varios postos de roupa e alimentación. Celébrase o segundo domingo de cada mes.



Foron once os locais participantes Tras o éxito da primeira edición, os establecementos hostaleiros celebran a II Ruta das Tapas de Boqueixón

Todos os amantes da boa cociña, e en particular das tapas, puideron gozar os días 8, 9, 10, 15, 16 e 17 de novembro das mellores tapas nos establecementos hostaleiros de Boqueixón por un módico prezo de 1,5 €/tapa.

O municipio acolleu a II Ruta das Tapas de Boqueixón, unha iniciativa que tivo como finalidade promover a nosa gastronomía a través destes pequenos, pero exquisitos pratos.

O público asistente votou a súa tapa favorita cubrindo a totalidade da súa tarxeta con todos os selos dos establecementos participantes,

indicando na mesma cal, ao seu parecer era a mellor. Nesta ocasión resultou gañadora a tapa "Polo preñado" do Restaurante O Nervioso de Camporrapado.

Os clientes tamén tiveron premio, xa que se sorteou unha noite con cea para dúas persoas nunha casa rural, resultando agraciada M^a Jesús Aldrey Giadás da parroquia de Lamas.

Esta iniciativa pretendeu potenciar o tecido empresarial, e máis en concreto, o sector hostaleiro deste municipio a través do impulso do turismo gastronómico.

Un xurado profesional e titulado valorou aos equinos participantes

I Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón

A carballeira de Rodiño acolleu no mes de agosto o I Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón organizado polo concello. Participaron aproximadamente 90 equinos de diversas razas que fixeron as delicias do público asistente a través das distintas demostracións de doma, tiro e concurso morfolóxico.

Distribuídos en 17 seccións en función do sexo, raza e idade, leváronse a cabo diferentes concursos, para iso contou coa presenza dun xurado profesional con titulación acreditativa suficiente para valorar aos equinos participantes. Ao finalizar o acto houbo unha entrega de premios para os mellores de cada sección.



Cabe destacar a colaboración de distintos organismos e establecementos de Boqueixón e comarca que xunto co Concello de Boqueixón fixeron que este evento fose posible.

O domingo 10 de agosto do 2014 celebrárase o II Concurso Morfolóxico e Cabalar de Boqueixón.



Os Xenerais da Ulla, festa de Galicia de interese turístico

O pasado 19 de setembro, o Consello da Xunta declarou como Festa de Galicia de Interese Turístico aos Xenerais da Ulla, o que supón un recoñecemento e un espaldarazo definitivo á promoción dunha festa que os concellos que a vivimos, comparamos sen soberbia, cos Cigarróns e os Peliquireiros de Ourense.

Este entroido, destaca polas súas loitas verbais, cargadas de sorna, polos correos e a parranda que os acompañan.

Segundo indica a Xunta: "O entroido dos Xenerais da Ulla cumpre os criterios precisos para a súa valoración e trátase dun festexo orixinal da comarca da Ulla, con referencias documentais nos anos 70 do século XIX e que conta cunha alta participación, de xeito que presenta orixinalidade, antigüidade e arraigamento" en Santiago e na súa comarca.

No ano 2008 a Festa da Filloa de Lestedo tamén foi declarada Festa de Galicia de Interese Turístico.

XXX edición da Festa da Filloa

Este ano 2013 celebrouse a XXX edición da Festa da Filloa de Lestedo, declarada Festa de Galicia de Interese Turístico no ano 2008, que contou cun pregoeiro excepcional que fixo as delicias de todo o público asistente, o "grande" Fernando Romay.

Ao igual que no 2011, os Peliquireiros de Laza tamén estiveron presentes.

Como novidade este ano, o ambiente festivo comezou a sentirse nos días previos á festa, xa que se levou a cabo a I Carreira "Filloa de Lestedo", organizáronse talleres de elaboración de filloas e incluso os establecementos hostaleiros do municipio crearon unha Ruta de Filloas.

Os Altos dos Xenerais da Ulla, contaron cuns invitados de excepción, os Xenerais de Sergude así como de outros concellos limítrofes como Vedra ou Teo.

Cifrase en aproximadamente 10.000 visitantes os que, ao longo do día, gozaron deste destacado evento.

XL Aniversario do primeiro desfile de carrozas do San Cidre

No mes de maio, a parroquia de Oural celebrou a súa festa na honra de San Cidre, destacada polo desfile de carrozas, que este ano cumpriu o seu corenta aniversario.

Falar da festa das carrozas do San Cidre é falar dunha das tradicións máis antigas da comarca.

Estas carrozas tentan lembrar todos aqueles oficios que agora caen no esquecemento.

Nesta edición, contaron coa participación de seis carrozas que ofreceron filloas, chourizos, callos, pinchos morunos e viño a todos os asistentes á celebración.



Participaron no curso pasado unha media de 100 nenos e nenas

Actividades de lecer

A ocioteca é un espazo dirixido a nenos e nenas de Infantil e Primaria, pensado e deseñado para o xogo e para favorecer o desenvolvemento de todas as capacidades dos máis pequenos, fomentando as relacións interpersonais entre iguais, aprendendo a través do xogo, e potenciando valores educativos para contribuír desta maneira ao seu desenvolvemento integral.

Esta actividade, que se leva a cabo na Casa da Cultura de Camporrapado os venres pola tarde, abarca actividades lúdicas de diversa índole, como poden ser: teatro, obradoiros, cancións, contos, manualidades, xogos...pero sobre todo, **DIVERSIÓN!!**

Ademais, durante as vacacións estivais, tamén se levan a cabo actividades de ocio e tempo libre para nenos e nenas de educación Infantil e Primaria: o Verán Activo e o Nadal Activo. Nestas actividades de conciliación da vida laboral e familiar, o xogo convírtese no fío condutor, xa que se emprega como ferramenta de aprendizaxe e como instrumento facilitador das relacións sociais.

“Contos para todos” e “Títeres nas mans”

Un total de 67 nenos e nenas, participaron das actividades organizadas dende a biblioteca do concello dentro do programa “Ler conta moi-



to” subvencionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A través destas actividades preténdese contribuír á promoción da lectura como un vehículo de enriquecemento e de aproveitamento persoal, ofrecendo espazos de encontro para descubrir e compartir.

Campus deportivo

38 nenos e nenas de entre 5 e 14 anos de idade, participaron durante a última semana de xuño no Campus Deportivo, organizado pola Escola de Fútbol de Boqueixón e coa colaboración do concello.

Esta iniciativa potencia as actividades físicas e deportivas practicando disciplinas deportivas como fútbol, fútbol sala, baloncesto, patinaxe, natación... ao tempo que ofrece alternativas ao tempo libre a través do fomento de actividades que favorezan as relacións interpersoais.



Boqueixón en ruta

Unha media de 300 veciños e veciñas de Boqueixón, tiveron a oportunidade de viaxar ao longo deste ano 2013 a varias cidades galegas, españolas ou mesmo estranxeiras.

Unha viaxe en barco ás Illas Cíes, un día de balneario en Pantón ou un rezo no Santuario de Lourdes son algúns dos destinos turísticos dos que puideron gozar os nosos veciños e veciñas.



XXII Encontro de maiores de Boqueixón

Máis de 350 maiores participaron no XXII Encontro de maiores que se levou a cabo no Pavillón municipal

Foron máis de 350 as persoas que gozaron deste día de festa e diversión.

A Festa deu comezo ás 12:30 da mañá, cunha misa no salón de actos do colexio.

Tras este acto relixioso os asistentes deron boa conta do xantar, no que non faltaron os típicos pratos galegos: empanada, polbo e carne ao caldeiro, todo isto acompañado dun bo viño e de refrescos.

Tras o xantar comezou a troula, amenizada por un grupo musical que animou cos seus cantos e bailes a todos os participantes.

Durante a sobremesa tamén se fixeron sorteos e entrega de agasallos, entre outros, ao home e á muller de maior idade presentes no encontro.



I Encontro de grupos de música e baile tradicional

Illas Sons

O Concello de Boqueixón e o veciño Concello de Vila de Cruces, uniron os seus esforzos para organizar o pasado mes de xuño, o I Encontro de grupos de música e baile tradicional "Illas Sons".

O lugar elixido para a ocasión foi, como non, as Illas de Gres, fermoso e emblemático lugar, ideal para tal evento.

Nesta xornada festiva, participaron un total de dez grupos folclóricos, catro de Boqueixón e seis de Vila de Cruces, que encheron de ritmo e boa música todos os recunchos das Illas e fixeron vibrar a todos os asistentes ao ritmo dos seus sons.



As redes sociais, tan presentes na nosa sociedade, convértense no vehículo condutor das novas destinadas a este colectivo.

A xuventude, un piar fundamental en Boqueixón

A xuventude de Boqueixón representa o futuro do noso municipio, e como tal, o concello desenvolve ao longo de todo o ano actividades de diversa índole para os mozos e mozas.

A oficina municipal de información xuvenil xestiona directamente axudas e beneficios dirixidas a este colectivo. Un claro exemplo son as accións formativas, actividades de ocio e tempo libre e expedición do carné xove, entre outras moitas.

Campamento de verán

Como cada tempada estival, o concello organizou un campamento onde os rapaces e rapazas de 8 a 13 anos de idade puideron gozar durante 12 días dunha estancia no campamento xuvenil Os Chacotes en Palas de Rei (Lugo).

Neste campamento puideron gozar de actividades de ocio e tempo libre como o rocódromo, o tiro con arco, rutas en bicicleta, excursións polo entorno, veladas e piscina.



Voluntariado xuvenil

A través do proxecto “Programa lúdico – educativo”, o Concello de Boqueixón levou a cabo durante este ano, un proxecto de voluntariado xuvenil, no que mozos e mozas do municipio recibiron formación no eido do ocio e tempo libre e puxeron en práctica os coñecementos adquiri-

dos nas distintas actividades lúdico – educativas promovidas polo concello.



Servizo de voluntariado europeo

O servizo de voluntariado europeo é unha experiencia de aprendizaxe no campo da educación non formal na que os mozos e mozas adquiren competencias para o seu desenvolvemento persoal, educativo e profesional.

Este servizo subvenciona a estadía dos voluntarios en calquera país da Unión Europea, podendo participar mozos/as de 18 a 30 anos de idade.


O Concello de Boqueixón é a entidade coordinadora, de envío e acollida. Os proxectos teñen unha duración mínima de 2 meses e máxima de 1 ano.

Cada ano, o Concello de Boqueixón, acolle a mozos e mozas procedentes da Unión Europea en programas de voluntariado, cultura e xuventude. Tamén está entre as nosas funcións como entidade coordinadora, a de tramitar prazas de voluntariado europeo para calquera país da Unión Europea, para os mozos e mozas de Boqueixón interesados.



T. M. Santiago de Compostela

T. M.




T. M. Santiago de Compostela

T. M. Touro

T.M. Vedra


T. M. Vedra



PLANO DE TOMAS DE AUGA CONTRAINCENDIOS



	Estrada Nacional
	Estrada Autonómica
	Estrada Provincial
	Estrada Municipal
	Tomas de AUGA contraincendios
	Solo Urbán
	Solo Industrial



Concello de Boqueixón
A Coruña

II Campo de Traballo no Castro de Gastrar

Un total de 20 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos de idade participaron no mes de xullo no II Campo de Traballo no Castro de Gastrar or-

ganizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Nas excavacións realizadas no Campo de Traballo Arqueolóxico, localizouse a

cara interna da muralla que rodeaba o recinto, feita en mampostería de pedra. Atoparon tamén un primeiro estrato con material construtivo romano, con restos de tellas e ladrillos, e outro nivel de características castrexas.

Os vinte voluntarios internacionais deixaron ao descuberto uns setenta metros da muralla, sen retirar de todo a capa vexetal para garantir a súa estabilidade.

No seu desenvolvemento, os participantes, deron con elementos suficientes para concluír que se trata do xacemento máis relevante da contorna.



O alcalde de Boqueixón xunto co alcalde de Curtis e coa concelleira de A Baña, participan nun proxecto Europeo mediante unha Visita de Estudo en Sicilia – Italia

Entre os días 19 e 24 de novembro, tivo lugar na Comuna de Pagliara, Provincia de Messina en Sicilia (Italia), unha Visita de Estudo na que participaron representantes políticos locais en materia de xuventude, dirixentes e monitores de entidades non gubernamentais, así como técnicos do campo xuvenil de 8 países da UE.

O alcalde de Boqueixón, Jesús Sanjuás Mera, o de Curtis, Javier Caínzo Vázquez e a concelleira de A Baña, Alicia Blanco Sande, participaron en dito encontro expoñendo o traballo que no campo da xuventude se realiza nos seus municipios e debatiron con representantes doutros municipios italianos e doutros países as actividades que se ofrecen e que máis demandan os mozos e mozas. No transcurso da visita de estudo foron recibidos polos alcaldes dos municipios sicilianos de: Taormina, Pagliara, Forza de Agró, Limina, Alí, Castel Mola e Savoca.

O proxecto titulado "SIV Project Stud Info Visit" foi patrocinado pola Dirección Xeral de

Educación e Cultura da Comisión Europea, mediante a Axencia Nacional italiana do Programa Juventud en Acción, Subacción 4.3.

Como parte dos resultados deste encontro, espérase que xurdan novos proxectos xuvenís e partenariado entre as 12 entidades oficiais e organizacións participantes.



O Concello de Boqueixón presenta unha liña de continuidade nás súas actuacións no ámbito do DEPORTE LOCAL e tamén na filosofía que comparte nos seus contidos.



“Men sana in corpore sano”

Unha acción programada e contrastada a favor da loita contra o sedentarismo e as enfermidades non transmisibles a través da práctica da actividade física saudable é a promoción do deporte en xeral.

O Concello de Boqueixón e as súas instalacións deportivas, son xa referencia no ámbito comarcal para a PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA cunha oferta deportiva municipal onde se atenden e asisten aos cidadáns en materia de práctica regular e axeitada de exercicio físico; fomentando a adquisición de hábitos saudables a través de ditas programacións, garantindo o desenvolvemento dunha planificación deportiva que ano tras ano ven a integrar ós veciños/as de Boqueixón, especialmente nos sectores para nós máis prioritarios: mozos, mulleres e maiores.

Cabe destacar, que o Concello de Boqueixón ven de adherirse ó marco do **PLAN GALICIA SAUDABLE**, unha rede de actuacións a nivel de toda



Galicia que incide nos plantexamentos desenvolvidos de forma local por este Departamento de Deportes.

Nestes tempos de crise o ámbito municipal debe compartir recursos e experiencias sendo o **PLAN GALICIA SAUDABLE** un marco único de actuación xa que ven a ser como un gran “buscador” de instalacións e actividades a nivel galego e ademais tamén é un referente informativo e de asesoramento técnico.


Así, a Planificación Deportiva Municipal, enfócase nos principios do **PLAN GALICIA SAUDABLE** pero mantendo a nosa liña estratéxica da mellora continuada da CALIDADE que ofertamos nas nosas actividades, atendendo a inclusión de novas modalidades deportivas coma poden ser pilates ou patinaxe, sen deixar de lado as xa tradicionais ximnasia de mantemento, aeróbic, ximnasia terapéutica ou ximnasia de rehabilitación.

Actualmente xa son 45 socios os que gozan das instalacións do ximnasio municipal.

Actividades xuvenís ao aire libre

Dentro dos eventos deportivos, organizados polo Departamento de Xuventude en colaboración con outras entidades, cabe destacar a participación de máis de 300 mozos e mozas de

toda a comarca, en actividades ao aire libre, que fomentan un estilo de vida saudable, como son a II edición da Ruta BTT ou o descenso en kayak polo Ulla.



O concello recepcionou aos “mellores” do fútbol

Os membros da corporación municipal do Concello de Boqueixón e o Director Xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, ofreceron no mes de xullo unha recepción aos diferentes equipos municipais que acadaron campionatos ou ascenso nesta campaña.

Os clubs homenaxeados foron o Boqueixón FS Femenino (campión de liga), Hermanos Couto Boqueixón (Copa e subcampión de Liga en veteranos), Tartas Lestedo Ramsa (Copa e segundo en fútbol sala veteranos), Parrillada O Breixo (Liga de veteranos en fútbol sala), Camporrapado (ascenso a 1ª A de veteranos), Taberna O Záramo (subcampión intermunicipal celebrado en Outes) e Escola de Fútbol Boqueixón, polo esforzo coa base.

A todos eles, lles foi entregado un agasallo en recoñecemento do seu esforzo e por levar o nome de Boqueixón ao máis alto no deporte.



Piscina municipal de Boqueixón



Un ano máis, a piscina municipal, abriu as súas instalacións para o uso e gozo dos veciños e veciñas de Boqueixón durante o verán.

Cunha media de 120 usuarios diarios, o horario de apertura foi de luns a domingo.

Impartíronse cursos de natación para nenos, cunha gran aceptación entre o público destinatario, chegando a ter que abrir unha lista de espera para cubrir a gran demanda existente. Foron 40 os rapaces e rapazas que gozaron desta actividade.

Contouse cunha subvención da Deputación de A Coruña para a contratación dun socorrista.

Campionato de España de enduro

Máis de 200 pilotos entre os que se atopaban varios campións do mundo e de España, competiron no mes de marzo polos termos municipais de Santiago de Compostela e Boqueixón, pola primeira das seis probas que integra o Campionato Nacional.



Protección Civil, 24 horas ao día os 365 días do ano

O 2013 foi un ano complexo para os integrantes do equipo de Protección Civil deste municipio, xa que coa nova distribución das Emerxencias de Galicia, o concello de Boqueixón quedou sin formar parte desta nova estrutura.

Durante os primeiros meses do ano, fíxose un esforzo por manter o grupo con aportación municipal, e a partir de abril ata o mes de outubro, o servizo estivo cuberto polos tres laborais fixos que duplicaron o seu horario laboral e por voluntarios. Dende finais de outubro e grazas a unha subvención da Consellería de Traballo e Benestar, contamos de novo con todo o persoal.

Ademais no ámbito laboral, foi un ano triste pola situación vivida no tráxico accidente ferroviario de Angrois, onde nove membros da nosa agrupación, participaron activamente.

Como resumo de operativos, temos que destacar os catro incendios urbanos atendidos polo servizo (2 en Vedra, 1 en Teo e 1 en Boqueixón), un incendio nun autobús escolar nos Tilos (Teo), 68 accidentes de tráfico, 20 incendios forestais, 323 servizos preventivos, simulacros (Canteiras de RAMSA e colexios),...



Rede de hidrantes

Dende o ano 2004, véñense poñendo nas distintas parroquias do concello, tomas de auga contraincendios. Esta rede de hidrantes consta de 40 tomas, das cales 18 foron subvencionadas pola Xunta de Galicia e 22 foron asumidas con fondos municipais.



Protección Civil de Boqueixón recibe a "REAL ORDE DO MÉRITO CIVIL" pola colaboración prestada no accidente de Angrois

O Alcalde e representantes da Agrupación de Protección Civil de Boqueixón recolleron a placa e o diploma coa distinción da **Real Orde do Mérito Civil** polos servizos prestados durante o accidente ferroviario de Angrois con 79 falecidos, acontecido o pasado 24 de xullo.

O acto de entrega das distincións tivo lugar no Auditorio de Galicia e contou coa presenza dos ministros de Asuntos Exteriores e de Fomento, José Manuel García-Margallo e Ana Pastor e do Presidente da Xunta de Galicia.

O Concello de Boqueixón presenta o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Conscientes da necesidade dunha intervención pública integral dirixida a eliminar obstáculos que se opoñan á igualdade real e efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida e da Administración, o Concello de Boqueixón deu un paso máis, e presentou o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes para o período 2013 – 2017, para que constituía unha resposta eficaz ás necesidades da poboación de Boqueixón e logre unha igualdade real entre homes e mulleres.

Este documento, preséntase como un instrumento de traballo, onde se recollen as actuacións dirixidas a mellorar as situacións de desigualdade entre homes e mulleres, integra a experiencia que supuxeron o I e o II Plan do concello como instrumentos de promoción e fomento da política de igualdade e ratifica o compromiso do Concello de Boqueixón coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O Centro de Información ás Mulleres (CIM) co que conta este concello, xogou un papel fundamental no asesoramento e impulso do Plan, non obstante a res-



ponsabilidade é compartida, xa que a execución e avaliación do Plan en todas as súas fases é tarefa de todas as concellerías, departamentos e áreas.

Teatro en clave de xénero

Con motivo da celebración do día Internacional da Muller Traballadora, no mes de marzo, levouse a cabo unha representación teatral que tivo como mensaxe principal a posta en valor dos dereitos da muller.

Baixo o título "Un conto de muller", un total de 21 cativos, 13 nenas e 8 nenos, todos eles asistentes á ocioteca de Campporrapado, deron vida a unha historia que trata de soños e pesadelos, os pesadelos dunha vida limitada polo machismo, e os soños dunha vida marcada pola loita e a decisión.



Este é o terceiro ano que se leva a cabo esta actividade no Concello de Boqueixón

Programa de prevención da dependencia para maiores

Todos os martes e xoves, en horario de tarde, no local social de Sergude, un grupo de 14 maiores que contan cunha media de 80 anos, se reúnen para traballar dirixidos por un equipo de profesionais, accións encamiñadas a minimizar e/ou retrasar a aparición ou agravamento de situacións de dependencia.

As actividades que se levan a cabo están baseadas na estimulación sensorial, estimulación motora e atención á linguaxe e a memoria.



Dende outubro deste ano, os participantes aboan unha taxa de 25 €/trimestre en concepto de transporte e material para as diversas actividades.

Este programa, que parte do Departamento de Servizos Sociais do concello en colaboración cunha empresa externa, está subvencionado pola Deputación de A Coruña e conta cunha gran aceptación por parte dos participantes e das súas familias.

No que vai de ano, fixéronse 155 tramitacións de viaxes e balnearios para maiores

Benidorm (Alacante), Torremolinos (Málaga) ou Lloret del Mar (Tarragona) figuran como destinos habituais deste colectivo.

Estas viaxes de carácter social, para os maiores e pensionistas do Concello de Boqueixón, son tramitados íntegramente polos profesionais que forman o Departamento de Servizos Sociais do concello.

Boqueixón nomea fillo adoptivo a Xosé Neira Vilas

No pleno do día 13 de novembro de 2013, aprobouse por maioría absoluta, o nomeamento de Xosé Neira Vilas, como fillo adoptivo de Boqueixón pola súa vinculación co municipio, xa que pese a ser orixinario e vivir en Vila de Cruces, ten fortes lazos de unión con Boqueixón.

Xosé Neira Vilas, galeguista e fundador da editorial Follas Novas, vive en Gres dende 1994, tras permanecer durante máis de trinta anos en Cuba. A súa obra, *Memorias dun neno labrego*, escrita no ano 1961, é o libro máis lido e traducido da literatura galega.

O Concello e a Asociación Mestre Manuel Gacio, rinden homenaxe a Neira Vilas coa inauguración da exposición "Querido Balbino".

O 26 de outubro inaugurouse no Centro de Interpretación do Pico Sacro a exposición *Querido Balbino* de Xosé Neira Vilas.

Contouse coa presenza do Director Xeral de Xuventude, co Secretario Xeral de Cultura e como non, con Xosé Neira Vilas.

Neste acto cheo de lembranzas e boa música, descubriuse unha placa na honra do escritor.



Boqueixón estrea deseño de páxina web e sede electrónica de trámites municipais

O Concello de Boqueixón foi un dos primeiros da comarca compostelá en crear a súa páxina web. Por este motivo, o seu deseño e planificación quedáranse obsoletos. No mes de febreiro estreouse o novo portal que mantén a dirección www.boqueixon.es, e o seu novo deseño que tamén incorpora aplicacións para móbiles.

A páxina dispón de información detallada de todas as parroquias e cun apartado no que se exhiben todas as seccións informativas da web, o que axiliza o seu uso.

Ademais a web municipal, conta con servizos de administración electrónica para que os



veciños e veciñas de Boqueixón, poidan realizar varios trámites por Internet. Como paso previo o usuario debe estar identificado, o que lle permitirá coñecer o estado burocrático dos seus expedientes e cubrir formularios.

O desenvolvemento desta páxina web, fíxose en colaboración coa Deputación provincial.

Boqueixón súmase ao plan de compostaxe de Sogama

I Campaña de compostaxe doméstico

O Concello de Boqueixón fixo entrega dos primeiros dezaoto composteiros ás familias do concello que o solicitaron.



Os participantes na campaña, levaron de modo gratuíto un composteiro. Trátase de recipientes de 360 litros de capacidade fabricados a partir de materiais reciclados e reciclables, que non só lles facilitará a tarefa de elaboración do compost, senón que fará posible un proceso máis cómodo e hixiénico, permitíndolles obter un compost de calidade. Nestes recipientes deposítanse residuos orgánicos que xunto cunhas boas condicións de temperatura e humidade permiten a elaboración dun abono natural para fertilizar hortas e xardíns.

Esta iniciativa desenvólvese en colaboración con SOGAMA e pretende promover o compostaxe nos fogares para reducir os residuos orgánicos.

O concello e o C.P.I Antonio Orza Couto unen esforzos en beneficio dos alumnos/as.

O concello e o colexio a partes iguais, financiaron a tala de 24 árbores que rodeaban o colexio, xa que supoñían un risco para a saúde dos nenos e nenas polas alerxías que producían.

A empresa adxudicataria foi a que presentou o presupuesto de menor importe.



O CPI Antonio Orza Couto, centro plurilingüe

O CPI Antonio Orza Couto consolídase como centro plurilingüe. Numerosas actividades asociadas ao feito de ser centro plurilingüe se foron desenvolvendo entre os alumnos de Infantil, Primaria e ESO. Cabe destacar a participación en programas de inmersión lingüística nos últimos tres cursos, varios grupos de alumnos se desprazaron a lugares como Navarra, Madrid e este mesmo curso a Cuenca para compartir con outros centros da xeografía española a práctica da lingua inglesa.

Tamén destacan os intercambios que, organizados polo departamento de lingua francesa, se veñen realizando con alumnos de centros franceses.

Outro aspecto do que se está a beneficiar o centro é que dispón dun auxiliar de conversa en lingua inglesa que se concreta nunha hora semanal en que cada grupo de alumnos practica a fala inglesa.

Dispoñer de profesorado especialista en linguas estranxeiras está a propiciar a creación de seccións bilingües e plurilingües que se estenden en toda a educación Primaria e das que se beneficia todo o alumnado do centro. O próximo curso a materia de Plástica impartirase en inglés en toda a Primaria, e unha vez rematado 6º, os alumnos recibirán un certificado que así o acredita.

O centro participa noutros programas e proxectos avalados pola Consellería de Educación entre os que destacan ABALAR, cada alumno de 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º de ESO dispoñen dun ordenador portátil para uso escolar, PLAN DE MELLORA DA BIBLIOTECA, que permite a actualización de fondos e o fomento da lectura, e PROA (Programa de Reforzo, Orientación e Acompañamento para aqueles alumnos que precisan axuda nos traballos escolares).



C.R.A. Boqueixón- Vedra



Dende o ano 2010 o CRA Boqueixón- Vedra, que conforman as escolas unitarias de Camporrapado, Lestedo e Sergude (Concello de Boqueixón) e San Fins, San Xián e Sarandón (Concello de Vedra), converteuse nun referente mundial a nivel do uso didáctico das novas tecnoloxías ao ser centro piloto do proxecto Rural School, premiado a nivel mundial pola multinacional HP e ser primeiro seleccionado nos premios internacionais Educared-Telefónica. Dende entón os/as alumnos/as destas escolas así coma os mestres usan a diario tanto no centro coma

na propia casa un escritorio virtual como canle de comunicación de toda a comunidade educativa así como espazo de diversión, aprendizaxe e coordinación segura, empregando a tecnoloxía cloud computing, a "nube".

O ano pasado o proxecto medrou e traspasou as fronteiras do CRA para compartir a nube con outros catro CRAs de Galicia (Ponteceso, Ribadavia e Vilaboa). Así naceu o proxecto Rede Escolas na nube que dende o CESGA, a Consellería de Educación, Amtega e a empresa galega Balidea botaron a andar. Dende xaneiro deste ano, 22 escolas unitarias galegas comparten proxectos comúns, elaboran actividades conxuntas, vense por videoconferencia, ..., a través da nube.

Foi tal o éxito do proxecto en común que acadaron diferentes premios:



- Premio COMPUTER WORLD&CIO Iberoamericano 2012 na categoría 'Cooperación o desenvolvemento e Inclusión dixital'

- Pasou á ronda final dos premios da World Summit Award como Mellor proxecto de e-learning e ciencia

- Premio Iniciativa Emprendedora, que outorga o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG).



Máis de 250 nenos e nenas pasaron polas súas aulas

X Aniversario da Escola Infantil Municipal de Boqueixón

A Escola Infantil Municipal de Boqueixón, cumpre o seu décimo ano de funcionamento, acadando as máis altas cotas de satisfacción entre os pais e nais dos/as alumnos/as matriculados/as.

A Escola Infantil Municipal de Boqueixón, conta a día de hoxe cunha total ocupación das súas 56 prazas.

Os alumnos dispoñen dunha atención integral dende os tres meses ata os tres anos por parte dun equipo de seis profesionais.

Séguese un proxecto educativo nas aulas baseado na estimulación dende a idade máis temperá a través das diversas actividades que poden facer os nenos, como aprender inglés a partir dos dous anos, facer teatro, manualidades, recibir clases de psicomotricidade e incluso, como novidade este ano, os nenos de 2 e 3 anos poden aprender informática.

Esta Escola Infantil Municipal está destinada a nenos/as con pais censados en Boqueixón.



Con motivo da celebración deste décimo aniversario, o equipo docente, xunto coa súa directora, xa están a argallar a mellor forma de celebralo ... como é costume ... seguro que nos sorprenden.



ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BOQUEIXÓN



2012-2013

Foto Estudio Miguel



MARÍA XOSÉ RODRÍGUEZ B.



XOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ M.



DAVID V. SÁNCHEZ B.



LAURA ESQUIVEL L.



XOSÉ GERARDO S.



ANA LOURENÇO C.



IRENE LABAJO S.



XOSÉ GARCÍA B.



ATRIA VALDE L.



ADRIÁN ROMERO A.



XOSÉ ZUBOT M.



SARA OTERO F.



LOIS PALOMARES V.



LUIS BARCEÑO M.



IVÁN TORRES A.



MARÍA CABRAL P.



DAVID VILANOVA P.



IRIS M. MACÍAS M.



ADRIÁN BARBAZÁN C.



AISELA CAPDEVILA B.



IRENE CASTRO G.



ADRIANA CASTRO G.



SERGIO BARCALA B.



JOSÉ HERNÁNDEZ F.



ISELA VILLAR P.



ADRIÁN ÁLVAREZ F.



IKER LEAL P.



IÓN CABRIEGO B.



DANIELA BECERRA DE LA B.



DANIELA GUTIÉRREZ B.



ALEX VALDES M.



XIANA RAVINA B.



XOSÉ RAVINA V.



NICOLÁS BARRALAGA B.



EVELYN QUINTERO L.



AIDA ESQUIVEL M.



AIXA CAMPOS L.



NICOLÁS PUÑALANDA F.



SARA V. SÁNCHEZ M.



MÓNICA LÓPEZ M.



IRIA LOBRES C.



ADRIANA TRIDON F.



LUCÍA POCA M.



ROCÍO RAVINA C.



IRIA PUÑALANDA G.



IRIA LOBRES S.



ALEKSANDRA JORINA A.



XOSÉ IGLESIAS B.



XOSÉ GRANA B.



ÁLVARO IGLESIAS B.



DANIELA CASTRO L.



ADRIÁN PRIEGO B.



MARCO SORDO B.



ADRIÁN PRIEGO B.



SERGIO BARCALA B.



ADRIANA CASTRO G.



IRENE CASTRO G.



AISELA CAPDEVILA B.



ADRIÁN BARBAZÁN C.



IRIS M. MACÍAS M.



AIXA CAMPOS L.



AIDA ESQUIVEL M.



EVELYN QUINTERO L.



NICOLÁS BARRALAGA B.



XOSÉ RAVINA V.



XIANA RAVINA B.



ALEX VALDES M.



DANIELA GUTIÉRREZ B.



IÓN CABRIEGO B.



IÓN CABRIEGO B.



TELÉFONOS DE INTERESE

Concello de Boqueixón

Tlf.: 981 513 061

Fax: 981 513 000

concello@boqueixon.com

Departamento de Cultura 981 513 115
Departamento de Servizos Sociais .. 981 513 106
Departamento de Deportes -
Ximnasio Municipal: 636 731 721
Servizo Recollida de Lixo 616.440.468
Servizo Abastecemento Auga e
Saneamento 618.812.799 (auga)
610.707.052 (saneamento)

Centros Sanitarios

Centro de Saúde de O Forte..... 981 513 010
Centro de Saúde de Lestedo..... 981 502 297
Hospital Clínico 981 950 000
Hospital Provincial de Conxo..... 981 951 500
Hospital Psiquiátrico..... 981 951 900

Centros Educativos

CPI Antonio Orza Couto..... 981 513 455
CPI de Vedra 981 503 034
CRA..... 616 440 471
Escola Unitaria de Lestedo 616 440 474
Escola Unitaria de Sergude 616 440 472
Escola Unitaria de Camporrapado .. 649 737 678
Escola Infantil Municipal (gardería) .. 981 502 190

Taxis

Lestedo.....670.307.811 / 981.502.019
(José Manuel Silva)
Lamas.....981.513.064 / 696 027.068
(María Fernández Millán)
Ledesma981.514.026 / 686.483.899
(Jesús Ramos Fernández)

Urxencias

Protección Civil / Emerxencias
Boqueixón..... 616.440.465
Garda Civil de Lestedo..... 981.503.051
Emerxencias (teléfono gratuito) 112
Urxencias médicas 061
Garda Civil 24 horas 062

Servizos

Correos 981 513 248
Fenosa..... 901 404 040
Eléctrica de Gres..... 981 514 254
Udesa..... 981 561 204
Telefónica (averías) 1002

www.boqueixon.com